

1º E.S.O. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA MATERIA DE INGLÉS.

Levarase a cabo un sistema de **avaliación continua**, é dicir, a **cualificación final ordinaria** basearase no resultado obtido polo alumno nas tres **avaliacións asignando a cada unha delas unha porcentaxe diferente** que será a seguinte:

-Primeira avaliación: 15%

-Segunda avaliación: 25%

-Terceira avaliación: 60%

A porcentaxe se incrementa da primeira á terceira avaliación xa que, tendo en conta que trátase dunha materia de contido progresivo, os diferentes contidos acumularanse dunha proba á seguinte e dun trimestre ao outro, sendo o terceiro aquel no que se avaliarán un maior número de contidos.

Para o **cálculo das notas** terase en conta as seguintes **porcentaxes**:

Comprensión e expresión oral (<i>Listening & Speaking</i>)	20%
Comprensión e expresión escrita (<i>Reading & Writing</i>)	20%
Coñecementos lingüísticos (<i>Grammar & Vocabulary</i>)	40%
Traballo diario	20%

LIBRO DE LECTURA:

Os alumnos poden obter ata 0.5 puntos extra **en cada avaliación facendo un traballo logo de ler, de xeito voluntario, un LIBRO DE LECTURA.**

De este modo, poténciase a lectura extensiva por parte do alumnado. O alumno selecciona un libro, preferentemente da biblioteca do centro, acorde ó seu nivel e realiza un traballo escrito seguindo as pautas indicadas polo profesor. Na **avaliación ordinaria, a lectura de libros** e posterior realización de traballos sobre os mesmos, incrementa a nota dos alumnos desta maneira: Se un alumno leu un libro durante o curso, engadirase 0.15 puntos á cualificación obtida, se leu dous libros engadiráanse 0.3 puntos á súa nota e 0.5 puntos se leu tres libros.

•Procedemento de recuperación da 1ª e 2ª avaliación:

Os contidos da materia teñen carácter progresivo e acumulativo, polo tanto **se un alumno suspende unha avaliación poderá recuperala na seguinte avaliación.**

•Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:

O alumnado que suspenda a terceira avaliación terá que facer unha **proba de recuperación antes da avaliación ordinaria.** Terá un **valor de 100%.**

Dita proba constará de **tres partes:**

a. Grammar + Vocabulary: 60%

b. Reading: 20%

c. Writing: 20%

•**O alumno aprobará a materia Lingua Estranxeira (Inglés)1º ESO se alcanza a puntuación de 5,00 puntos na avaliación ordinaria.**

PUNTUALIZACIÓNS:

- O **alumnado** que curse a materia cunha **adaptación curricular** será avaliado nun **70% polo seu traballo diario de aula e unha proba** que realizará en cada trimestre cun **valor dun 30%**
- Os alumnos que se incorporan a este centro educativo unha vez iniciado o curso e que non poidan aportar cualificacións da 1ª ou da 1ª e 2ª avalacións serán avaliados, unicamente, seguindo o criterio de avaliación continúa.
- Se algún alumno ten que facer seguimento das clases a través de medios telemáticos, intentarase que asista a realizar as probas de examen ó centro.
- Se durante as probas escritas o alumno é sorprendido copiando, o profesor considerará a proba suspensa con 0 puntos, puntuación que se terá en conta a todos os efectos na nota de avaliación.

